

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO**

ACORDO do 7 de marzo de 2025, do Departamento Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, coa necesidade de urxente ocupación que iso implica, do proxecto parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica), nos concellos de Mañón e Ortigueira (expediente IN408A 2023/064).

O 23 de outubro de 2024 a promotora, Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira, S.A., presentou unha solicitude de declaración de utilidade pública, en concreto, das instalacións do proxecto denominado parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica).

En cumprimento do disposto na Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico; na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental; no Real decreto 1955/2000, do 1 de decembro, polo que se regulan as actividades de transporte, distribución, comercialización, subministración e procedementos de autorización de instalacións de enerxía eléctrica e demais normas vixentes de aplicación, sométese a información pública a solicitude relacionada coa instalación que se describe a seguir:

Solicitante/promotora: Sistemas Energéticos Mañón Ortigueira, S.A. (NIF: A15592439).

Domicilio social: rúa Fernando de Casas Novoa, 35, bloque B, 2º andar, porta B, 15707 Santiago de Compostela (A Coruña).

Denominación do proxecto: parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica).

Nº de expediente: IN408A 2023/064.

Concellos afectados: Mañón e Ortigueira (A Coruña).

Potencia que se vai instalar: 26,40 MW (4 aeroxeradores de 6,6 MW).

Potencia autorizada/evacuable: 24 MW.

Produción neta anual: 92.350 MWh/ano.

Prazo de execución: doce (12) meses.

Orzamento de execución material: 27.734.157,28 €.



Obxecto da información pública:

A solicitude de declaración de utilidade pública (DUP), en concreto, das instalacións do citado proxecto. A declaración de utilidade pública, de acordo co artigo 56.1 da Lei 24/2013, do 26 de decembro, do sector eléctrico, levará implícita, en todo caso, a necesidade de ocupación dos bens ou de adquisición dos dereitos afectados e implicará a urxente ocupación para os efectos do artigo 52 da Lei do 16 de decembro de 1954, de expropiación forzosa.

Documentación que se expón:

1. A relación dos bens e dereitos afectados, concreta e individualizada, dos propietarios (RBDA) que figura no anexo que se insire neste acordo.
2. O documento «Memoria. Relación de bens e dereitos afectados parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica)» (asinado o 14.2.2025).
3. O Plano xeral de situación parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica).
4. Planos individuais dos predios afectados polo proxecto.

Polo exposto, faise público para o coñecemento xeral así como, en particular, dos propietarios dos predios que figuran na relación anexa a este acordo e das persoas titulares de dereitos reais ou intereses económicos sobre os bens afectados que fosen omitidas, para que poidan examinar a documentación anteriormente relacionada e, de ser o caso, presentar as alegacións ou observacións que xulguen oportunas dentro do prazo de trinta (30) días, que se contará a partir do día seguinte ao da última publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) ou nun dos xornais de maior circulación de cada unha das provincias afectadas, de conformidade co artigo 33.10 da Lei 8/2009, do 22 de decembro.

A documentación estará á disposición dos interesados nas dependencias do servizo de Enerxías Renovables e Infraestruturas do Departamento Territorial da Coruña da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (rúa Vicente Ferrer, núm. 2-2º andar, 15071 A Coruña, teléfonos 981 18 59 38 e 981 18 49 83), de luns a venres, das 9.00 ás 14.00 horas, así como na casa dos concellos de Mañón e Ortigueira. Ademais, tamén se poderá consultar no portal web da consellería a través da seguinte ligazón:

<https://medioambiente.xunta.gal/enerxias-renovables/documentos-exposicion-publica>

A Coruña, 7 de marzo de 2025

Mª Pilar Arias Graña
Directora territorial da Coruña





ANEXO

Relación de bens e dereitos afectados (RBDA) polo proxecto de parque eólico Coriscada (renovación tecnolóxica) nos concellos de Mañón e Ortigueira (A Coruña) (expediente IN408A 2023/064)

Nº predio	Titulares	Datos catastrais	Lugar	Uso	Nº aero	Afeccións (m²)										Ocupación temporal	
						Pleno dominio				Servidume de paso			Servidume de voo aero	Servidume voo aero+vieiro+gabia	Servidume voo aero+vieiro		Servidume voo aero+gabia
		Cim.				Plat.	Sub.	T. met.	Vieiro	Gabia	Vieiro+gabia						
Concello de Ortigueira (A Coruña)																	
6	Monte Mañón CUP 243 (Concello de Ortigueira)	15062A018006680000TO	Monte Mañón Mup 243	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	1.270,72	295,31	1.666,80	0,00	0,00	0,00	0,00	881,86
8	Monte Mañón CUP 243 (Concello de Ortigueira)	15062A018006160000TZ	Monte Mañón Mup 243	Piñeiral madeireiro		0,00	0,00	1.626,40	0,00	6.454,69	1.812,43	2.241,21	0,00	0,00	0,00	0,00	2.250,10
9	Monte Mañón CUP 243 (Concello de Ortigueira)	15062A018006420000TD	Monte Mañón Mup 243	Piñeiral madeireiro		0,00	0,00	537,23	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	45,99
10	Concello de Ortigueira	002340400PJ03G0001MQ	Lg Montecalvelo, 15339 Ortigueira (A Coruña)	Industrial		0,00	0,00	1.384,53	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
13	Monte Mañón CUP 243 (Concello de Ortigueira)	15062A018006530000TH	Monte Mañón Mup 243	Matogueira	CO-03	303,11	14.164,89	0,00	0,00	7.717,97	0,00	0,00	1.832,34	0,00	594,81	0,00	0,00
14	Monte Montecalvelo CUP 385 (Concello de Ortigueira)	15062A018006430000TX	Monte Montecalvelo	Improdutivo		0,00	0,00	0,00	0,00	795,18	122,02	38,06	0,00	0,00	0,00	0,00	130,66
17	Monte Montecalvelo CUP 385 (Concello de Ortigueira)	15062A024004690000TO	Monte Montecalvelo	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	4.456,82	368,62	926,75	0,00	0,00	0,00	0,00	684,90
18	Hros. Faustino Peña Rivera (e outros)	15062A024004550000TW	Regadío Novo	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	48,80	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
19	Hros. Faustino Peña Rivera (e outros)	15062A024004510000TS	Chousa do Chao da Pa	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	102,12	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
20	Monte Montecalvelo CUP 385 (Concello de Ortigueira)	15062A018006550000TA	Monte Montecalvelo	Matogueira	CO-03	373,26	5.750,50	0,00	0,00	19.798,93	4.119,09	3.302,03	8.981,54	215,97	2.617,27	141,48	4.464,53
24	Monte Montecalvelo CUP 385 (Concello de Ortigueira)	15062A024004820000TE	Monte Montecalvelo	Piñeiral madeireiro		0,00	0,00	0,00	0,00	4.051,19	0,00	23,01	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
32	Monte Carabelote e outros CUP 238 (Concello de Ortigueira)	15062A027004940000TF	Monte Carabelote	Piñeiral madeireiro		0,00	0,00	0,00	0,00	6.257,57	517,56	792,58	3.180,15	0,00	871,89	0,00	2.081,76
Concello de Mañón (A Coruña)																	
2	MVMC Fraga e Veiga CUP 229 (CMVMC Riberas do Sor)	15045A018007800000UZ	Comunal de Riberas	Piñeiral madeireiro	CO-04	676,37	6.182,97	0,00	2.746,12	13.722,65	2.167,38	2.358,03	15.634,85	111,37	2.093,13	580,96	7.911,01
3	MVMC Fraga e Veiga CUP 229 (CMVMC Riberas do Sor)	15045A017000560000UR	Monte Común Munín	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	97,65	31,61	72,47	0,00	0,00	0,00	0,00	57,26





Nº predio	Titulares	Datos catastrais	Lugar	Uso	Nº aero	Afeccións (m²)											Ocupación temporal
						Pleno dominio				Servidume de paso			Servidume de voo aero	Servidume voo aero+vieiro+gabia	Servidume voo aero+vieiro	Servidume voo aero+gabia	
		Cim.				Plat.	Sub.	T. met.	Vieiro	Gabia	Vieiro+gabia						
7	MVMC Coriscada e Vilaríño CUP 401 (CMVMC Parroquia de Mañón)	15045A018007810000UU	Comunal de Mañón	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	14,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
16	MVMC Coriscada e Vilaríño CUP 401 (CMVMC Parroquia de Mañón)	15045A020003020000UP	Coto de Vilaríño	Matogueira		0,00	9,62	0,00	0,00	534,24	0,00	17,21	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
23	MVMC Coriscada e Vilaríño CUP 401 (CMVMC Parroquia de Mañón)	15045A021004920000UZ	Coriscada	Matogueira	CO-02	676,37	2.430,93	0,00	0,00	2.470,72	202,88	0,00	13.310,95	82,82	1.820,56	485,40	2.587,06
29	MVMC Coriscada e Vilaríño CUP 401 (CMVMC Parroquia de Mañón)	002300400PJ03E0001UY	Lg San Pedro 4, Mañón (A Coruña)	Industrial agr.		0,00	0,00	0,00	0,00	34,45	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
30	MVMC Coriscada e Vilaríño CUP 401 (CMVMC Parroquia de Mañón)	15045A021000530000UG	Monte de Fuxín	Matogueira	CO-01	676,37	8.193,28	0,00	0,00	6.916,23	3,95	138,25	12.040,70	0,00	1.506,28	0,00	1.602,86
33	Concello de Mañón	15045A024015750000UX	San Pedro	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	71,27	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
34	Mª Inés Novás Giz Dulce María Novás Giz Ana María Río Novás	15045A026000260000UB	Rendados	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	6,48	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
35	María Campos López	15045A025000230000UQ	Leira do Foro	Prados ou pradeiras		0,00	0,00	0,00	0,00	14,09	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
36	Mª Inés Novás Giz Dulce María Novás Giz Ana María Río Novás	15045A025000220000UG	Regacheira	Árbores de ribeira		0,00	0,00	0,00	0,00	112,72	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
37	Dolores Formoso Pena Rodolfo Formoso Pena Elisa Formoso Pena Melania Mancifeira Formoso	15045A026000430000UR	Rega do Pozo	Matogueira		0,00	0,00	0,00	0,00	117,65	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
38	Mª Inés Novás Giz Dulce María Novás Giz Ana María Río Novás	15045A026000480000UE	Casón	Prados ou pradeiras		0,00	0,00	0,00	0,00	369,88	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
40	Dolores Formoso Pena Rodolfo Formoso Pena Elisa Formoso Pena Melania Mancifeira Formoso	15045A025000100000UE	Regadio	Árbores de ribeira		0,00	0,00	0,00	0,00	37,14	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
41	Melania Mancifeiras Formoso	15045A026000490000US	Leira de Arriba	Prados ou pradeiras		0,00	0,00	0,00	0,00	48,74	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
42	Manuel Peña Novas	15045A025000010000UK	Abaixo Carretera	Piñeiral madeireiro		0,00	0,00	0,00	0,00	112,20	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
43	Mª Teresa Gómez Rego Mª José Gómez Rego	15045A025007770000US	San Roque	Eucaliptus		0,00	0,00	0,00	0,00	86,68	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00





Nº predio	Titulares	Datos catastrais	Lugar	Uso	Nº aero	Afeccións (m²)											Ocupación temporal
						Pleno dominio				Servidume de paso			Servidume de voo aero	Servidume voo aero+vieiro+gabia	Servidume voo aero+vieiro	Servidume voo aero+gabia	
		Cim.				Plat.	Sub.	T. met.	Vieiro	Gabia	Vieiro+gabia						
44	Mª Teresa Gómez Rego Mª José Gómez Rego	15045A025007750000UJ	San Roque	Eucaliptus		0,00	0,00	0,00	0,00	12,77	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
45	Mª Teresa Gómez Rego Mª José Gómez Rego	15045A026000830000UE	San Roque	Eucaliptus		0,00	0,00	0,00	0,00	2,51	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
47	María Giz Timiraos	15045A025000050000UI	Leira Grande	Prados ou pradeiras		0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	6.255,32

Tipos de afeccións, en metros cadrados (m²):

• Superficie de pleno dominio:

- Cim.: cimentación do aeroxerador.
- Plat.: plataforma de montaxe do aeroxerador.
- Sub.: subestación.
- T. met.: plataforma e cimentación da torre meteorolóxica.

• Servidume de paso:

- Vieiro: dereito de paso polos vieiros en que circularán os transportes para a construción, vixilancia, conservación e reparación das instalacións do parque eólico.
- Gabia: servidume de paso da liña eléctrica soterrada. Abrangue a franxa onde van aloxados os condutores, incrementada a cada lado nunha distancia mínima de seguridade igual á metade de anchura de canalización.
- Vieiro-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de vieiro-gabia.

• Servidume de voo aéreo: servidume definida pola superficie de varrido das pas do aeroxerador.

• Serv. voo aero-vieiro-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as tres afeccións, serv. voo-vieiro-gabia.

• Serv. voo aero-vieiro: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de serv. voo e vieiro.

• Serv. voo aero-gabia: abrangue aquelas zonas onde coinciden as afeccións de serv. voo e gabia.

• Outras afeccións: ocupación temporal de terreos para a construción, vixilancia, conservación e reparación das instalacións.

